



Concello de Mugarodos
(A Coruña)

15/2021. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 15 DE OUTUBRO DE 2021.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugarodos, sendo as dez horas e tres minutos do d3a 15 de outubro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n extraordinaria urxente e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condici3ns de seguridade, autoprotecci3n e distanciamento social, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resoluci3n da Alcald3a n3m. 2021-1046, de data 11.10.2021; sesi3n que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo, Dna. Mar3a Irene Toimil Fern3ndez, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asisten, con excusa, os concelleiros D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez e D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca. Asiste tam3n a interventora municipal, Dna. Ana Mar3a G3mez Pe3a.

Act3a como secretario, o que o 3 da Corporaci3n, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudo e discusi3n dos asuntos incluídos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

1.- RATIFICACI3N, SE PROCEDE, DO CAR3CTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

2 min 24 s: Polo sr. Alcalde faise unha exposici3n dos motivos que dan lugar 3 convocatoria da presente sesi3n plenaria aos efectos de que o Pleno se pronuncie sobre a urxencia dos asuntos comprendidos no mesmo.

E tra-la exposici3n dos motivos que xustifican a urxencia som3tese a votaci3n o car3cter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o car3cter urxente da convocatoria.

2.- EXPEDIENTE 1385/2021. MODIFICACI3N ORZAMENTARIA MC 09/2021

Tras deliberaci3n, som3tese a votaci3n a aprobaci3n do expediente de modificaci3n orzamentaria MC 09/2021, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participaci3n Cidad3 en data 08.10.2021, os informes da interventora municipal de datas 04.10.2021 e 08.10.2021, obrantes no expediente, os informes do secretario da corporaci3n de datas 04.10.2021





Concello de Mugardos
(A Coruña)

e 08.10.2021, obrantes no expediente, e o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 07.10.2021, por 10 votos a favor (5 PP, 2 PSOE, 3 EU-SON EN COMÚN) e unha abstención (1 BNG),
ACORDA:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 09/2021**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións non comprometidas, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo por importe de **744.226,84 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento)

Altas en Aplicacións de Gastos

| Prox | Aplicación | | Descrición | Créditos iniciais | Crédito extraordinario | Créditos finais |
|---------------------|------------|-----------|--|----------------------|---------------------------|--------------------|
| | Progr. | Económica | | | | |
| 20212P OS192 | 160 | 60000 | Expropiación de terreos para executar a obra de Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais no Monte. | 0 | 169,01 | 169,01 |
| 20212 GALP1 | 4312 | 63200 | Reforma do edificio do mercado municipal | 0 | 91.622,86 | 91.622,86 |
| 20212E FICI1 | 165 | 60900 | Mellora da eficiencia lumínica dos pasos de peóns. | 0 | 9.975,63 | 9.975,63 |
| 20212 CUBIE 1 | 342 | 63200 | Obra de substitución da cuberta do polideportivo O Cristo. | 0 | 29.999,83 | 29.999,83 |
| 20184P ARQU 1 | 171 | 61900 | Reforma do parque infantil Rosalía de Castro | 0 | 15.080,09 | 15.080,09 |
| | 160 | 46200 | Mantemento bombeos EDAR 2020 | 0 | 54.217,65 | 54.217,65 |
| | 3321 | 22706 | Redacción proxecto biblioteca municipal | 0 | 65.000,00 | 65.000,00 |
| | | | TOTAL | 0 | 266.065,07 | |





Concello de Mugardos
(A Coruña)

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (aplicacións dotadas insuficientemente no orzamento)

| Prox | Aplicación | | Descrición | Créditos iniciais | Suplemento de Crédito | Créditos finais |
|---------------------|------------|-----------|--|-------------------|-----------------------|-----------------|
| | Progr. | Económica | | | | |
| 2021 2POS 192 | 160 | 60900 | Obra de Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais no Monte. | 69.538,25 | 34.398,95 | 103.937,20 |
| 2021 2POS 193 | 1532 | 61900 | Obra de mellora de servizos e pavimentación na Rúa Rosalía de Castro. | 74.365,52 | 41.899,02 | 116.264,54 |
| | 150 | 22706 | Redacción proxectos POS+2022 | 52.038 | 15.063,93 | 67.101,93 |
| | 231 | 13100 | Retribucións persoal laboral temporal (auxiliares SAF) | 383.511,53 | 70.000,00 | 453.511,53 |
| | 231 | 16000 | Seguridade Social persoal (auxiliares SAF) | 137.374,51 | 20.000,00 | 157.374,51 |
| | 231 | 22799 | Colaboración na prestación do SAD en fins de semana e festivos e substitucións, baixas, vacacións e rutas meses de abril a decembro 2021 | 365.535,40 | 290.799,87 | 656.335,27 |
| | 934 | 35200 | Xuros de demora devidados de sentenzas xudiciais | 1.300,00 | 5.000,00 | 6.300,00 |
| | 934 | 35900 | Gastos financeiros derivados do cobro de recibos domiciliados e mantemento contas . | 8.700,00 | 1.000,00 | 9.700,00 |
| | | | TOTAL | | 478.161,77 | |

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 544.500,27 €.

| | |
|---|--------------|
| REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. | 1.434.869,17 |
|---|--------------|





Concello de Mugardos
(A Coruña)

| RESULT. LIQUIDACIÓN 2020 | |
|---|------------------|
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 02/2021 | 203.739,05 |
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 03/2021 | 528.277,55 |
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 04/2021 | 70.352,30 |
| TOTAL REMANENTE DISPONIBLE ANTES EXP MC 09/2021 | 632.500,27 |
| RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 09/2021 | 544.500,27 |
| = REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 09/2021 | 88.000,00 |

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de Ingresos

| Aplicación: económica | | | Descrición | Euros |
|------------------------------|-------------|--------------|--|--------------|
| Cap. | Art. | Conc. | | |
| 8 | 87 | 87000 | Remanente líquido de tesourería para gastos xerais | 544.500,27 |
| | | | TOTAL INGRESOS | |

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **199.726,57 €** co seguinte detalle:

| Prox. | Aplicación Orzamentaria | Consignación antes deste expediente (€) | Cantidade a anular ou minorar (€) | Consignación resultante (€) | Explicación da baixa na consignación |
|-------|-------------------------|---|-----------------------------------|-------------------------------|--|
| | 134/60900 | 8.423,07 | 3.600,00 | 4.823,07 | A sinalización viaria e balizas xa foron aprobados e pagados. |
| | 165/61900 | 619.347,23 | 48.852,30 | 570.494,93 | O crédito da obra de aforro enerxético IDAE 2020 xa foi incorporado mediante o |





Concello de Mugardos
(A Coruña)

| | | | | | |
|--------------|------------|------------|-------------------|------------|---|
| | | | | | expediente MC04/2021. |
| | 165/61900 | 570.494,93 | 6.000,00 | 564.494,93 | A reposición de infraestructuras para o alumado xa foron aprobadas e pagadas. |
| | 171/60900 | 106.700,60 | 20.000,00 | 86.700,60 | A losa multideporte xa ten crédito incorporado mediante MC03/2021 |
| | 3321/62200 | 80.000,00 | 80.000,00 | 0,00 | A adquisición do edificio da biblioteca xa foi aprobada e pagada. |
| | 342/62900 | 135.488,06 | 7.992,45 | 127.495,61 | O equipamento do pabellón non se realizará neste exercicio. |
| | 933/62200 | 66.563,64 | 33.281,82 | 33.281,82 | As certificacións nº3,nº4 e liquidación xa foron aprobadas e pagadas |
| TOTAL | | | 199.726,57 | | |

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

DELIBERACIÓN

3 min 33 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Concello de Mugardos
(A Coruña)

3 min 43 s: Polo sr. Mahía Prados faise unha exposición e xustificación da proposta que se somete ao Pleno.

4 min 49 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

4 min 58 s: O sr. Varela Filgueiras expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, facendo constar que xa na comisión informativa se tiñan abtido dado que a modificación contiña algún erro e porque ademais entendían que a modificación orzamentaria tiña que levarse a cabo por non existir orzamentos no ano 2021, algo que era un compromiso do goberno pero que como se ve non era verdade. Para rematar, o sr. Varela Filgueiras manifesta que aínda que tódalas cousas que veñen na modificación son necesarias o seu voto será o da abstención dado que o goberno tivo tempo suficiente para elaborar uns orzamentos, e que por outra parte agardan que agora si sexa verdade que o goberno vai a presentar uns orzamentos para o ano 2022.

6 min 22 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Fernández Fernández.

6 min 24 s: O sr. Fernández Fernández expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, sinalando que non son partidarios deste sistema de prórroga de orzamentos e posteriores aprobacións de modificacións de crédito por culpa de partidas non contempladas nos orzamentos prorrogados, e que ademais o seu grupo cre que a obriga dun goberno local é a de negociar, consensuar e aprobar uns orzamentos municipais tódolos anos. De seguido o sr. Fernández Fernández sinala que cando este tema foi á comisión de facenda incluía a maiores algunhas partidas que eles non consideraban que debesen de ser consideradas urxentes e que consideraban que ditas partidas deberían de estar recollidas nuns orzamentos. A continuación, manifesta que votarán a favor da modificación de crédito porque cren que efectivamente isto ten que saír adiante pero quere lembrar que se está nesta situación por non ter uns orzamentos do ano 2021. Xa para rematar, o sr. Fernández Fernández quere deixar constancia de que dado que se voltou á realización de plenos presenciais e que polo tanto estes non se poden ver en streaming, espera que canto antes se poida poñer a disposición dos veciños a posibilidade de visibilizar os mesmos.

11 min 46 s: Polo sr. Alcalde aclárase que no orzamento de 2022 virá esa partida orzamentaria para poder seguir os plenos en streaming se fose necesario, e a continuación pregunta se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun





Concello de Mugardos
(A Coruña)

segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

12 min 31 s: O sr. Mahía Prados aclara que non mentiu no que respecta á existencia duns orzamentos este ano, e que de feito ten o borrador dos orzamentos do ano 2021 e que falou cos funcionarios e dixeron que non era prudente sacar os orzamentos do ano 2021 podendo modificalos e preparar os orzamentos do ano 2022, finalizando o ano coa modificación de crédito, dado que a aprobación duns orzamentos non só é acordalos en Pleno, senón que supón ter que cargalos no programa contable e facer tódalas modificacións contables e é tempo que os funcionarios non teñen porque se está ata arriba de licitacións. E remata dicindo que lle encantaría ter orzamentos se tivera todo o que hai que ter tamén funcionando, pero que cos medios dos que dispoñen e coa situación que se está a vivir non foi posible, e que aínda que está de acordo en que non puido cumprir a súa palabra, e dá a cara por elo, non pode consentir que se diga que minte.

14 min 57 s: O sr. Varela Filgueiras di que el non dixera que mentira.

15 min 03 s: O sr. Alcalde di que o sr. Varela Filgueiras si que dixu que mentira

15 min 07 s: O sr. Varela Filgueiras quere recordarlle ao sr. Mahía Prados que leva dicindo dende o ano 2019 que ían a presentar os orzamentos no ano 2020.

15 min 33 s: O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto sometendo o mesmo a votación.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás dez horas e dezaseis minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=34>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
bacf5f555fcc87f546b389ff3d0732625e31b03ff98ab22dd61ad702d973bb58

Vº e prace
O ALCALDE

